

ACORDO do 11 de maio de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico Alvite, nos concellos de Santa Comba, Mazaricos e Negreira (A Coruña) (expediente IN408A 2018/32). DOG Núm. 110, de 9 de xuño de 2022. Prazo para alegacións: ata o 22 de xullo de 2022.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220609/AnuncioG0596-160522-0004_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Alvite (expediente IN408A 2018/32)	Green Capital Power, S.L. CIF B85945475.	Santa Comba, Mazaricos e Negreira (A Coruña).	<p>Características técnicas das instalacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> – 12 aeroxeradores modelo V136 do fabricante VESTAS, de 3,45 MW de potencia unitaria. Os aeroxeradores son de velocidade e paso variable, teñen unha altura de buxa de 132 m e un diámetro de rotor de 136 m. – 12 centros de transformación, situados no interior de cada unha das bases dos 12 aeroxeradores, de tipo seco, illados con materiais autoextinguibles, de potencia unitaria 4.000 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, coas súas correspondentes celas metálicas de seccionamento, manobra e protección. – Rede eléctrica soterrada de 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación transformadora do parque de 30/132 kV, de onde partirá a liña aérea de evacuación de enerxía. A rede está composta de condutores tipo seco de XLPE 18/30 kV de seccións 95, 240 e 500 mm². – Rede de terras xeral, de modo que as instalacións electromecánicas e subestación do parque forman un conxunto equipotencial. A rede de terras dos aeroxeradores será un condutor de Cu-50 mm². – Rede de comunicacións constituída por condutor de fibra óptica. – Unha torre meteorolóxica de 132 m. – A subestación transformadora de 30/132 kV será de tipo intemperie 132 kV e con parte 30 kV interior e situada nas dependencias do edificio de control do parque. Estará formada por: <ul style="list-style-type: none"> • Transformador de potencia 60/75 MVA ONAN/ONAF (30/132 kV). • Aparellaxe de 132 kV: transformadores de intensidade, transformadores de tensión, interruptores, seccionadores e pararraios de intemperie. • Aparellaxe de 30 kV: cabina de protección e manobra do transformador xeral, cabinas de protección e manobra de liñas, cabinas de protección e manobra do transformador de servizos auxiliares, pararraios de

			intemperie e transformador de servizos auxiliares.
--	--	--	--

– Para a evacuación da enerxía xerada no parque eólico Alvite proxéctase unha solución de evacuación conxunta coa enerxía xerada no parque Alvite II, a cal discorrerá desde a subestación de PE Alvite 30/132 kV ata a subestación do PE Banzas 30/132 kV (IN408A 2017/15). Esta solución conxunta, con número de expediente IN408A 2020/161 e promovida por Green Capital Power, S.L., non é obxecto deste proxecto e atópase en tramitación.

Desde o parque de Banzas propónse outra solución de evacuación conxunta coa enerxía xerada no parque eólico Maragouto, mediante a súa correspondente liña de evacuación ata a subestación colectora Lousame 132/220 kV, e desde esta conectarase a través da súa correspondente liña de evacuación ata a SET Lousame 220 kV de REE (IN407A 2009/471-1). Esta solución de evacuación conxunta, con número de expediente IN408A 2020/144 e promovida por Green Capital Power, S.L., non é obxecto deste proxecto e atópase en tramitación.

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (febreiro 2022-visado 24.2.2022).

1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.

1.2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA), que figura nos anexos que se insiren neste acordo.

1.3. Planos individuais dos predios afectados polo proxecto.

2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (setembro 2021-asdo. 23.9.2021).

3. O proxecto sectorial (novembro 2020-visado 18.1.2021).